

# OFICINA de REHABILITACIÓN de TUI

Axudas e subvencións para a rehabilitación



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS



Praza do Concello, Nº 1, C.P.36700, TUI.  
Tlfnº: 986603625. Fax: 986604148



## ¿QUÉ É A OFICINA DE REHABILITACIÓN?

Ó amparo dos convenios asinados entre o Concello de Tui e a Xunta de Galicia, as Oficinas de Rehabilitación teñen encomendadas todas as funcións precisas para facilitar aos cidadáns a rehabilitación de vivendas e edificios.

### Tarefas da Oficina de Rehabilitación:

- Información aos cidadáns das axudas e subvencións do IGVS e o Ministerio de Fomento
- Aconsellar aos cidadáns das subvención que máis se adaptan aos seus casos
- Xestión administrativa das solicitudes de subvencións en rehabilitación
- Xestión técnica e seguimento das obras de rehabilitación
- Información sobre os convenios con entidades bancarias para a concesión de créditos á rehabilitación

### ARI: Conxunto Histórico, Santo Domingo e San Bartolomé - R.D. 2006/2008 "Plan Vivienda 2009-2012" e D. 409/2009

Rehabilitación de vivendas, de edificios e elementos comúns no ámbito dos ARI's declarados o 6 de setembro de 2001

- Cuantía e características das axudas:
  - Establécese unha subvención Xeral do **75 % do Orzamento Protexibel**, cun límite de **11.600 euros por vivenda**
  - A contía mínima do Orzamento será 1.000 euros por vivenda
- Condicións para recibir as axudas:
  - Os inmoibéis deben ter unha antigüidade maior de 10 anos
  - Os solicitantes deben acreditar a propiedade da vivenda, e o compromiso de destinala a domicilio habitual ou arrendamento durante os 5 anos seguintes ao remate da rehabilitación
  - A unidade familiar non poderá superar o 6,5 do IPREM

### ARI: Camiño de Santiago Portugués - R.D. 2066/2008 "Plan Vivienda 2009-2012" e D. 409/2009

Rehabilitación de vivendas nos inmoibéis correspondentes co trazado do Camiño de Santiago Portugués

- Cuantía e características das axudas:
  - Establécese unha subvención Xeral do **40 % do Orzamento Protexibel**, cun límite de **5.000 euros por vivenda, con cargo á Xunta**
  - Adicionalmente pódese solicitar unha axuda do **40 % do Orzamento Protexible**, cun límite de **5.000 euros por vivenda**, con cargo ó Ministerio de Fomento
  - A contía mínima do Orzamento será 1.000 euros por vivenda
- Condicións para recibir as axudas:
  - Os inmoibéis deben ter unha antigüidade maior de 10 anos
  - Os solicitantes deben acreditar a propiedade do vivenda, e o compromiso de destinala a domicilio habitual ou ao arrendamento durante os 5 anos seguintes ao remate da rehabilitación
  - A unidade familiar non poderá superar o 6,5 do IPREM
- Prazo de Solicitud das axudas:  
1 de Decembro de 2011

### REMATE DE FACHADAS E CUBERTAS, REHABILITACIÓN E RECONSTRUCCIÓN DE EDIFICIOS E VIVENDAS - D. 44/2011

Ámbito rural, en ARI de Conxuntos Históricos e en ARI de Camiño de Santiago

- Modalidades:
  - **Remate** de fachadas e cubertas; antigüidade >10 anos
  - **Rehabilitación** de edificios e vivendas; antigüidade >15 anos
  - **Reconstrucción** de edificios e vivendas; antigüidade >40 anos
- Cuantía e características das axudas:
  - Subvención do **50 % do Orzamento Protexibel**, cun límite de **6.600 euros/vivenda** na modalidade de **remate de fachadas e rehabilitación** e **8.600 euros/vivenda** para reconstrucción
  - A contía mínima do Orzamento será 400 euros/vivenda
- Condicións para recibir as axudas:
  - Os solicitantes deben acreditar a propiedade da vivenda, e o compromiso de destinala a domicilio habitual ou arrendamento durante os 5 anos seguintes ao remate da rehabilitación